

# Google Duo

## Google Ireland Limited (“Google”)

Gordon House, Barrow Street, Dublín 4, Irlanda

<https://support.google.com/>

En vigor a partir do 21 de decembro de 2020

### Resumo do contrato

- Neste resumo do contrato descríbense os elementos principais da nosa oferta de servizo tal como require a lexislación da UE<sup>1</sup>.
- O seu obxectivo é axudarche a comparar as ofertas de servizo.
- Noutros documentos está dispoñible a información completa sobre a nosa oferta de servizo.

### Servizos

Google Duo é un servizo de comunicación por vídeo que se ofrece en dispositivos e plataformas a través dunha interface web ou dunha aplicación. É necesario dispoñer de conexión a Internet para comunicarse a través de Google Duo. Google Duo é un servizo que ofrece Google cun grao razoable de competencia e dilixencia, aínda que non hai establecidos niveis mínimos de calidade do servizo.

### Prezo

Google Duo ofrécese sen custo ningún e o seu uso está suxeito ao cumprimento das Condicións de servizo de Google (dispoñibles en <https://policies.google.com/terms>).

### Duración, renovación e resolución

Poderás utilizar Google Duo inmediatamente despois de rexistrarte. Non te comprometes a utilizar Google Duo durante un prazo determinado e podes deixar de facelo en calquera momento.

### Funcións para usuarios finais con discapacidades

Podes activar os subtítulos mentres usas Google Duo. Hai máis detalles á túa disposición en <https://support.google.com/duo/answer/7660538?hl=gl&co=GENIE.Platform=Android>

### Outra información relevante

**Servizo de atención ao cliente:** Encontrarás axuda e asistencia para Google Duo en <https://support.google.com/>.

**Disputas:** Podes presentar unha reclamación ante un organismo de resolución alternativa de conflitos que figure en <https://ec.europa.eu/consumers/odr/main/?event=main.adr.show2> ou outro organismo, conforme á lexislación do teu país. Hai máis detalles á túa disposición nas Condicións de servizo de Google.

**Incidentes de seguranza:** Google ten activo as 24 horas do día, os 7 días da semana, un rigoroso programa de xestión de incidentes para identificar e responder sen demora aos eventos de seguranza ou privacidade. Google tamén ofrece unha lista propia de comprobación de seguranza que che axuda a xestionar a seguranza en liña.

**Datos persoais:** Para poder rexistrarte en Google Duo, é necesario que indiques o teu número de teléfono ou enderezo de correo electrónico (ou ambos). Na Política de privacidade de Google (dispoñible en <https://policies.google.com/privacy>) podes atopar máis información sobre os datos persoais que recompila Google cando utilizas Google Duo. A Política de privacidade de Google non forma parte do contrato entre ti e Google nin deste resumo.

---

<sup>1</sup> Artigo 102(3) da Directiva (UE) 2018/1972 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018 pola que se establece o Código Europeo das Comunicacións Electrónicas (OJ L 321, 17.12.2018, p. 36).